

11

Ollos abertos

A presenza do mal

No mundo hai moitas cousas positivas, pero existen tamén outras negativas.

Gustaríamos vivir nun mundo ideal, perfecto, onde todos fósemos completamente felices. Un mundo no que non existisen:

-
-
-
- Inxustizas, malos tratos, abusos.
- Guerras, agresións, enfrentamentos.
-
-
-

- ¿Que fai sufrir máis ás persoas?
 ► ¿Que outras cousas producen tristura e malestar?



Mirada penetrante

A causa do mal

Ao ser humano sempre o inquietou a presenza do mal e preguntouse polas súas causas: ¿Por que existe o mal? ¿Cal é a causa de tantos males?

■ Son varias as causas do mal

- 1 A natureza non é perfecta, é limitada.
 Por iso tén fallos e non sempre funciona ben.
-
-

- 2 O ser humano é débil e fráxil.
 Por iso o seu corpo e a súa mente sofren trastornos e deterióranse.
-
-

- 3 No corazón humano faise presente o mal.
 Por iso ás veces busca só o seu propio ben e fai dano aos demais.
-
-

- ¿En cal dos tres apartados anteriores colocarías cada un destes males?
 Egoísmo, terremotos, envexa, dor, vellez, volcáns, odio, enfermidade, rancores, agresividade, secas, soberbia, inundacións, violencia, morte.

■ O mal que xermola do corazón humano

Algunhas veces non somos culpables dos males e sufrímos sen culpa.

Outras veces provocámolos coas nosas actitudes e comportamentos.

O peor dos males é o que xermola do corazón do ser humano.

Os cristiáns chamámoslle a isto pecado.



Oídos atentos

O mal pode ser vencido

Xesús demóstranos que polo poder de Deus o mal pode ser vencido. ¿Como o fai? Curando aos enfermos, consolando aos que sufren, tendendo a man aos marxinados, acollendo aos pecadores.

■1■

- Xesús curaba enfermidades e doenças do pobo... Traíanlle aos que se sentían mal, afectados de diversas enfermidades e sufrimentos... e curábaos.
(Mt 4,23-24)

■2■

- Levantouse entón unha forte borrasca, e as ondas saltaban por enriba da barca, de sorte que estaba a punto de encherse.... Xesús ergueuse, increpou o vento e dixo ao mar:
-¡Silencio, e acouga!
E o vento cesou e fixose unha gran calma. (Mc 4,37-39)



■3■

- Unha muller coñecida como pecadora na vila, achegouse a onde estaba Xesús..., botouse aos seus pés chorando e comezou a regarlllos coas súas bágoas... Xesús díxolle:
-Os teus pecados están perdoados. (Lc 7,37-38.48)


■4■ Xesús libera aos posuídos polo demo.

- Presentáronlle a Xesús moitos endemoñados e, coa súa palabra, botou aos espíritos. (Mt 8,16)

■5■

- Atopouse Xesús con que sacaban a enterrar un morto, fillo único de súa nai, que era viúva... O Señor compadeceuse e díxolle:
-Non chores.
Achegándose tocou o cadaleito... e dixo:
-Rapaz, falo contigo: ¡Érguete!
O morto incorporouse e comezou a falar; e Xesús entregoullo á súa nai.
(Lc 7,11-15)

► Le con detención os cinco números anteriores e fíxate a cál corresponde cada un destes debuxos.



Memoria esperta

Xesús: Salvador e Liberador

A Igrexa proclama que Xesús é Salvador e Liberador. Damos grazas a Deus por estar ao noso lado e axudarnos a vencer o mal e o pecado.

■ ¿Que signos facía Xesús?

■ ¿Que quería manifestar Xesús cos signos que facía?

■ ¿Cal é o mal maior do que nos libera Xesús?

Xesús... non veu para abolir todos os males aquí abaixo..., senón a liberar aos homes da escravitude máis grave, a do pecado..., que é o obstáculo na súa vocación de fillos de Deus e causa de todas as súas servidumes humanas. (CEC 549)

■ ¿Que sentido teñen para nós os signos de Xesús?



Mans activas

Loitar contra o mal

Nós, seguindo a Xesús, queremos combater a enfermidade, o pecado, os desastres da natureza... coa esperanza de que un día serán totalmente superados.



■ Contra a enfermidade

—

- Pedimos que haxa médicos, hospitais e progreso na medicina.

■ Contra as catástrofes naturais

—

- Pedimos que se poñan os medios necesarios para que avance a ciencia, previr os desastres e evitar danos nas zonas de máis perigo.

■ Contra a morte

—

—

■ Contra o pecado

—

- Acollemos con misericordia aos que caen nalgún pecado e axudámosllas a que se liberen del.

► ¿Que facemos nós para superar estes males?

► ¿Que podemos facer?

- Existen persoas, grupos, organizacións que se dedican a loitar contra os males do mundo.
- Nós ofrecémosllas todo o noso aprecio e apoio; así colaboramos con Xesús que quere facer un mundo novo sen males nin pecados.

► ¿Cales destes grupos ou organizacións coñeces?